

Tras o acordó de **ASPERGA** coa **fundación Orange** na que nos apoiamos para que as persoas con TEA teñan cada vez máis ferramentas para afrontar a súa día a día satisfactoriamente, agrádanos poñer en coñecemento dos nosos socios e usuarios a aplicación que desenvolveron para todo tipo de actividades, e que pensamos poden ser máis útiles.

### APPY autism

Appyautism é unha web dirixida ás persoas con TEA e ás súas familias e a todos os profesionais que se relacionan con elas; ofrece unha selección das mellores aplicación existentes no mercado.

Ante a proliferación, nos últimos anos, de aplicación e programas informáticos, creados no ámbito do autismo, Appyautism trata de converterse nun espazo útil para as familias e profesionais á hora de elixir a app que mellor se adapta a cada persoa.



### EL viaje de ELISA

É un videoxogo de concienciación destinado a estudantes de primeiros cursos da ESO. O videoxogo ten como obxectivo que o alumnado poda comprender mellor as características e necesidades que teñen as persoas con autismo, en especial con síndrome de Asperger.



[DESCARGAR para ANDROID](#)

[DESCARGAR para IOS](#)

[DESCARGAR para jugar en WEB](#)

## AGENDA IN TIC

É unha ferramenta multimedia destinada ás persoas con autismo que emula o comportamento das axendas convencionais (pared, mesa, velcros...), de maneira que os usuarios e usuarias podan completar a súa axenda e estruturar as actividades que realizan durante a súa vida diaria.

In-TIC é unha axenda que permite crear con rapidez diferentes actividades (asociadas a secuencias de pictogramas) que conforman a axenda, que se pode consultar ou ben traballar con ela construíndoa de forma dinámica sobre o ordenador.

[ENLACE DE DESCARGA](#)



## DÍA A DÍA

É unha aplicación que consta dun sinxelo calendario no que é posible:

- . Gardar e revisar as actividades realizadas durante o día, dunha forma visual e estruturada, engadindo imaxes, vídeos...
- . Anticipar actividades ou eventos recorrentes no tempo que foron realizados e que foron anotados no diario.
- . Fomentar a comunicación, a través das actividades realizadas.

[DESCARGAR para ANDROID](#)

[DESCARGAR para IOS](#)



## SCHOOL ADAPTER

Esta app é, cremos, máis útil para profesorado e familias.

É unha app que permite crear contados en iPad e tabletas para persoas con TEA ou necesidades educativas específicas. Con capacidade para crear usuarios e á súa vez contidos curriculares individualizados para cada alumno, a partir de perfís educativos.

Existen 5 modalidades de interacción de persoais: única resposta, múltiple resposta, de secuencias, de arrastrar e asociar imaxe e pictograma.

A pizarra divídese en seccións: ciencias naturais, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, idiomas e tarefas na casa.

[DESCARGAR para iPad](#)

[DESCARGAR para ANDROID](#)



## DICTAPICTO

É unha app que permite pasar unha mensaxe de voz ou escrito a imaxes de forma inmediata.

O seu obxectivo é mellorar o acceso á información e facilitar a comprensión da contorna con independencia de que as persoas do entorno do usuario/a con TEA coñezan estes sistemas de comunicación aumentativos e alternativos.

A tradución de voz a pictogramas prodúcese de forma automática a partir dunha frase falada, converténdoa inicialmente en texto e, de aí, nos pictogramas/imaxes que representan as palabras.

[DESCARGAR para ANDROID](#)

[DESCARGAR para IOS](#)



## #SOYVISUAL

É un novo sistema de comunicación aumentativa que inclúe fotografías, láminas e diversos materiais gráficos, ademais dunha app con exercicios prácticos.

Está dirixido principalmente a persoas con dificultades no ámbito da comunicación e linguaxe por distintos factores (persoas con trastornos do espectro do autismo, diversidade funcional, afasia, traumatismos, dexeneración cognitiva, etc.)

[DESCARGAR para ANDROID](#)

[DESCARGAR para IOS](#)



## TEAyudo a jugar

É unha app que ten como función principal regular os xogos e axudar a planificar, organizar e dirixir a actividade.

Consta de dúas partes complementarias e imprescindibles acompañadas dunha guía educativa e do seu uso.

- . Área de axustes ou configuración.
- . Área de anticipación e presentación do xogo.

[DESCARGAR para ANDROID](#)

[DESCARGAR para IOS](#)

